



# San Sadurniño

[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

**CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

**ORZAMENTOS MUNICIPAIS**

**2018**



**San Sadurniño**  
[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## ÍNDICE

- Índice
- Memoria explicativa dos orzamentos
- Cadro dos orzamentos
- Clasificación por programas
- Resume do orzamento do 2018
- Cadro comparativo 2017 e 2018
- Anexo de investimentos para 2018
- Relación de persoal
- Bases para a execución do orzamento
- Informe económico-financeiro

## **MEMORIA EXPLICATIVA ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2018**

### **1. INTRODUCCIÓN. CONTIDO E ORGANIZACIÓN**

Un ano máis teño a oportunidade de formular esta memoria en cumprimento do disposto nos arts. 168.1 a) do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o art. 18.1 a) do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o anterior en materia de orzamentos.

O Orzamento do Concello recolle de xeito sistemático as previsións de ingresos e gastos da entidade para o exercicio de 2018 e constitúe o documento básico da planificación político-económica do período orzamentario. Cúmprase, ademais, coas finalidades que a normativa reguladora das facendas locais lle atribúe para garantir a transparencia e estabilidade da actividade financeira e permitir a súa fiscalización e control, poñendo deste modo a disposición dos representantes públicos toda a documentación que a lei require.

### **2. CONTEXTO DO ORZAMENTO**

Segue a manifestarse no contexto político actual o catecismo ultraliberal de dereitas impregnado nas sociedades modernas europeas e que incide de forma máis contundente no panorama do Estado español. A composición de forzas no Parlamento Español continua sen servir de acicate para poñer freo ás políticas sistémicas imperantes, que no eido local continúan non só a manifestarse nunha consignación insuficiente de recursos dedicados ao seu financiamento, senón que estas políticas seguen reincidindo nun importante agravio comparativo no reparto dos mesmos de cara aos concellos galegos, manténdose ou incrementándose a brecha entre a media de recursos por habitante que reciben a xeneralidade dos concellos españois co que reciben os nosos concellos ( máis de 60 € de diferenza en moitos casos). Coincidir con esa media española significaría no caso do Concello de San Sadurniño percibir case 200.000 € máis pola Participación en Tributos do Estado, case un 40 % adicional á cantidade actual.

E todo isto nun contexto coma o actual onde o despoboamento e envellecemento da nosa poboación é cada día e cada ano máis acusado, provocando uns maiores custes para o mantemento dos servizos asociados a característica dispersión dos nosos concellos rurais, á

que San Sadurniño non é allea cos seus máis de 200 núcleos de poboación.

É por esta insuficiencia de recursos pola que precisamente toman moita importancia instrumentos financeiros coma o POS da Deputación da Coruña, cunha actual metodoloxía na asignación de fondos que permiten aos concellos rurais maior flexibilidade e manexabilidade dos seus recursos, pola maior liberdade e autonomía na xestión dos mesmos. Asemade, o coñecemento por parte dos concellos dende finais de setembro de cales son as partidas que lles van corresponder, permítenos nesta anualidade presentar o documento orzamentario ao Pleno en tempo e forma, para cumprir cos prazos legais de aprobación e a conseguinte entrada en vigor do mesmo a partires do 1 de xaneiro de 2018, cuestión non de menor importancia.

Sería desexábel tamén que a Administración autonómica, que financia moitas competencias delegadas nos concellos e outras cun financiamento certamente arbitrario no reparto ( por exemplo dende organismos como Augas de Galiza), tendese a buscar fórmulas e metodoloxías na asignación de fondos similares ás establecidas pola Deputación, polo menos no que corresponde á formulación, sendo coñecedor de que moitas desas liñas de financiamento son finalistas.

O Concello de San Sadurniño segue mantendo íntegros os seus ambiciosos obxectivos de promoción da cohesión social e de consecución dun municipio economicamente saudábel e sustentábel, interesante como centro de convivencia e de orgullo das súas veciñas e veciños. A repercusión do citado contexto no orzamento municipal tradúcese nun panorama no que as grandes cifras manteñen a filosofía de racionalidade e eficacia coa que se ven xestionando o Concello de San Sadurniño nos últimos anos. Un ano máis, a xestión económica estará fundamentada no mantemento e mellora dos servizos básicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social da veciñanza do noso concello.

### **3. PRIORIDADES, OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN DO ORZAMENTO**

O Goberno municipal presenta para o ano 2018 un orzamento de 2.810.000,00 euros de ingresos e gastos, o que supón un incremento no gasto inicial dun 2,74%.

A intención na elaboración orzamentaria deste exercicio persiste nunha ben entendida austeridade, é dicir, preservando a prestación dos servizos públicos fundamentais e conxelando un ano máis todos aqueles impostos e taxas dentro da permisible autonomía municipal, seguindo a bonificar incluso determinados servizos para persoas incluídas dentro

das franxas de idade máis mozas e aliviar deste xeito situacións de importante necesidade social e o establecemento tamén de bolsas e outras axudas para o acceso a determinados servizos como poden ser o da Escola Infantil.

Dende o punto de vista cualitativo, este Grupo de goberno vai seguir desenvolvendo, e mesmo potenciando, aquelas políticas máis necesarias para incidir, da forma máis contundente posíbel, nas consecuencias que o contexto de crise económica leva deixado no noso municipio, e maiormente naquelas nas que contamos con competencia propia: igualdade e benestar, dependencia, mantemento e investimento novo na rede viaria municipal, promoción económica no eido do desenvolvemento rural e da posta en valor do que significa vivir nel, actividades culturais e deportivas moi variadas, apoio ao movemento asociativo etc.

Dentro deste escenario descrito anteriormente, o proxecto de orzamento marca as liñas claramente definidas e dirixidas á realización e culminación dos obxectivos comprometidos polo goberno municipal para o presente mandato.

#### **4. CAPÍTULOS DE INGRESOS**

En referencia ao apartado da previsión ingresos, extremamos a prudencia á hora de facer as estimacións, consignándose en canto aos recursos ordinarios todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé durante o exercicio. Para isto dótase este orzamento de partidas realistas que son consecuencia da lectura dos padróns e do estado de liquidación do 2015 e 2016, e tamén da previsión de ingresos doutras Administracións en función do contemplado ou planificado nos correspondentes orzamentos no referente a transferencias a entidades locais, previndo un 35,62% de ingresos propios (unha décima menos que no orzamento anterior) e o restante de transferencias correntes e de capital.

Este dato dá fe do escaso peso dos ingresos propios e da súa conxelación en termos relativos (e absolutos tamén), un feito que limita a autonomía da xestión das entidades locais, e tamén de que é preciso seguir mellorando os procedementos de recadación para que a incidencia desta escaseza de ingresos propios sexa menor. Creo firmemente que novas fórmulas de traballo que se empezan a levar a cabo nos servizos de tesourería e contabilidade e a recentemente aprobada delegación da recadación en executiva na administración provincial vai redundar positivamente neste aspecto.

Unha vez máis teño que facer mención nesta memoria das consecuencias desta realidade

orxamentaria, que denota unha composición da estrutura de ingresos que non é a ideal de cara a contar con maiores recursos propios que podan permitir ao concello de San Sadurniño a posta en práctica de máis e mellores servizos e de novos investimentos no futuro máis inmediato, sen ter que dobrarse ás expectativas e a incerteza que provocan sempre as transferencias doutras administracións, nun contexto de custe crecente nas prestacións de servizos nos concellos galegos polo envellecemento e a dispersión da poboación dos que San Sadurniño non é alleo.

Unha vez explicada a realidade anterior, hai que significar a conxelación de ingresos nos capítulos I e II de ingresos e un incremento de case un 6% nos ingresos de taxas pola prestación de servizos debido á consignación das cantidades inherentes á plena ocupación do CME e pola atención a un maior número de dependentes.

Faise unha consignación moi reservada no que segue a manifestarse como unha das partidas de ingresos máis importantes do orzamento (a PIE), que alcanza o 18,6% do total dos ingresos. A consignación que se leva a cabo é a mesma que o ano anterior, non estando aprobados a día de hoxe os OXE 2018, e non existindo previsións nin pronunciamentos públicos acerca de por "onde poden ir os tiros" acerca da súa posible evolución.

Outro recurso de especial relevancia, tanto no capítulo 4 coma no orzamento global, é a participación do Concello no Fondo de Cooperación Local, con carácter financeiro, tendo a consideración de fondos sen condicións os recursos que con cargo á súa dotación lle corresponden ao Concello, que alcanza a mesma consignación que o ano anterior, que vendo sendo a mesma dos últimos 5 anos.

Nunha partida xenérica de "*Outras transferencias da Xunta de Galiza*" consígnanse as cantidades previstas para financiar parte de servizos como dependencia, SAF, axencia de desenvolvemento local, Rede Cemit, e outros, cunha estimación de ingresos moi prudente e adaptada á realidade doutras anualidades pasadas.

De grande incidencia no orzamento de ingresos, e polo tanto na súa utilización nas diferentes partidas de gasto, é a instrumentalización e posta en escena do POS 2018, que, como xa comentaba anteriormente, confírmase coma un plan dinámico e que dota de maior autonomía e liberdade na utilización deses recursos ás EE.LL., e que da resposta, en grande parte, ás necesidades reais e concretas de cada concello, un plan que chegou para quedarse. É dicir, un Plan que deixa en San Sadurniño uns inxentes recursos económicos en diversas formas de financiamento (subvencionando gasto corrente e investimento financeiramente sostible), que poden ser incrementados en diversas ampliacións durante o ano e que

permite grandes marxes de liberdade e autonomía á hora de orientar eses recursos. Proba de toda a realidade que acabamos de describir xa a temos nesta proposta orzamentaria que se expón ao Pleno, onde se integran diversas partidas correspondente ao POS Plan Adicional 2017 e ás baixas de contratación desa mesma anualidade. Grazas a esa autonomía e liberdade que permite o POS, achega recursos para o mantemento de certos servizos de difícil sostemento coa única achega das taxas, xa de por si bastante económicas no noso caso.

Asemade, a Deputación seguirá financiando en parte os servizos de Técnico Deportivo e de SAF con cargo a un renovado e ampliado Plan Comunitario de Servizos Sociais, contemplándose estes casos como un financiamento engadido ao POS.

No orzamento municipal para 2018 non está prevista a concertación de operacións de crédito con ningunha entidade bancaria nin tampouco do recurso que ofrece o POS nunha das súas vías, por considerarse suficientes os ingresos subxacentes a cada un dos capítulos consignados neste orzamento.

## 5. CAPÍTULOS DE GASTOS

Ao igual que sempre, podemos falar basicamente de tres grandes capítulos xerais de gasto (gastos de persoal, gastos e transferencias correntes e investimentos):

a) No capítulo de **persoal** (41% de todo o gasto municipal) recóllense todos os créditos indispensables para facer fronte ás obrigas derivadas do salario base, trienios, complemento de destino e complemento específico no persoal funcionario, e para o salario base e resto de complementos no persoal laboral, non téndose coñecemento de posíbeis incrementos nunha Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 que a día de hoxe non é posíbel saber cando se poderá aprobar. Se finalmente dita Lei marcara algún tipo de incremento, levaríanse a cabo os axustes necesarios para cumprir con esa normativa.

Tamén serán obxecto de axustes as partidas correspondentes ás prazas que están sendo obxecto de nova valoración na xestión da actualización da RPT que se está levando a cabo no momento actual, si realmente o resultado de tal proxecto necesitase desa adecuación orzamentaria.

b) As cantidades orzadas no capítulo 2 de **gasto corrente** supoñen un importante incremento superior ao 8% debido basicamente ao incremento das partidas



necesarias para facer fronte aos continuos incrementos na factura da enerxía eléctrica e a moi previsible participación do Concello nos gastos de funcionamento do Centro de Día, por imposición dunha Lei de Acompañamento dos Orzamentos da Xunta de Galiza, que unha vez máis toma medidas ben lesivas desde o punto de vista orzamentario para os concellos impondo un cofinanciamento de servizos a posteriori de incumprir os acordos relativos ao Convenio de xestión asinado ao efecto no seu día. A isto súmase a importante consignación feita para mantemento do Centro Educativo (25.000 €), onde a liña das actuacións entre o que corresponde a Concello e á administración autonómica que é quen ten a competencia na materia sempre é moi fina.

Ademais seguirase colaborando e potenciando o movemento asociativo para que continúe e amplíe o seu labor de motor da participación cidadá nos asuntos públicos. Prevedemos aumentar case un 1% as partidas do capítulo (chegando aos 100.000,00 €), destacando o incremento na partida de *atencións benéficas e asistenciais* e, coma sempre as axudas en materia educativa e de conciliación da vida laboral e familiar (29.000,00 €), o que sigue mostrando a esta administración como unha das que máis inviste neste eido.

Os convenios de colaboración que se contemplan para o presente exercicio para o fomento e promoción de diversos eidos culturais e deportivos na localidade son os seguintes:

ENTIDADE	ORZAMENTO
Clube Voleibol Aldebarán	18.000,00 €
Clube Fútbol San Sadurniño	9.000,00 €
ANPA San Sadurniño	4.000,00 €
Clube Biela&Chaveta	1.000,00 €
AFGA	3.500,00 €
AGA	1.500,00 €
Asociación Agrocolóxica A Cortiña	1.200,00 €

c) O capítulo 6 de investimentos reais (que supón máis do 22% do total do gasto) contempla as cantidades correspondentes para levar a cabo as obras e servizos correspondentes, tanto con financiamento afectado como propio.

Non é o máis común nos tempos que corren acadar porcentaxes de investimento tan altas no cómputo relativo ao total orzado, e consignar máis de 620.000 € no orzamento inicial, e con grandes visos de ser executado na súa totalidade, é dende calquera punto de vista significativo e moi positivo para a economía do noso territorio. Negocios de hostalaría, almacéns de materiais de obra e diferentes empresas contratistas son algúns dos axentes económicos máis beneficiados desta situación.

A maioría destes créditos orzamentarios van dedicados a un importante esforzo en proxectos de reposición e de conservación de vías municipais, levando a cabo ambiciosos proxectos de diferentes tipos de nova pavimentación que permitirán maior confort nos usos e períodos maiores de duración destas infraestruturas.

Todos estes investimentos combinan necesidades de urxente actuación cunha distribución dos investimentos por todas as parroquias dun xeito ben equitativo, incorporando dentro do elenco distintas actuacións demandadas nos diversos procesos de orzamentos participantes levados a cabo nos últimos anos. A chegada de posíbeis remanentes pola liquidación do orzamento de 2017, polas baixas nos procesos de contratación dos proxectos do anexo de investimentos (diversos proxectos integrarán o POS Complementario 2018) e por maiores ingresos que se podan dar ao longo do ano, tamén van ser dedicados a atender algunhas outras actuacións tamén demandadas nestes procesos.

Non podo deixar de mencionar a alta incidencia da participación da veciñanza na conformación do capítulo de investimentos, recolléndose moitas das actuacións acordadas no proceso participante de novembro.

É de destacar a intención deste goberno municipal de levar a cabo un importante investimento que vai reflectido no orzamento para dar un "lavado de cara" á Avenida Marqués de Figueroa en toda a súa lonxitude. Actuación na reposición de firmes, remodelación das beirarrúas e a instalación de diversas medidas de seguridade van facer deste viario, de grande uso e importancia no día a día da nosa localidade, un espazo máis funcional e tamén máis atractivo.

Tamén é especial interese deste goberno traballar e buscar o financiamento

necesario para levar a cabo unha importante actuación nun dos elementos do patrimonio histórico municipal máis recoñecido no noso país: estoume referindo ao Castelo de Naraío, que, despois do proxecto de limpeza executado nesta última anualidade, pide unha maior intervención para unha mellor posta en valor de dito ben, aproveitando o importante índice de visitas actual e a posta en valor por parte da Deputación Provincial da Senda do Medioevo que transcorre entre Betanzos e Santo André de Teixido.

Deste xeito, o anexo de investimentos quedaría do seguinte modo:

<b>ANEXO DE INVESTIMENTOS 2018</b>		
<b>Artigo 60: Investimentos reais</b>		
600	Investimentos en terreos e infraestruturas	5.000,00
609	Outros investimentos	20.000,00
<b>Total do artigo 60</b>		<b>25.000,00</b>
<b>Artigo 61: Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral</b>		
619	Mellora Marqués de Figueroa ( 1ª Fase)- POS Adicional 2017	66.700,00
	Senda Peonil en Igrexafeita- Pos Adicional 2017	45.000,00
	Pavimentación camiños A Fraga ( Ferreira) e Silvalonga	48.300,00
	Proxectos baixas POS 2017	82.000,00
	Proxectos baixas POS 2018	240.000,00
	Fondo Ambiental	37.000,00
	Outros investimentos	51.600,00
<b>Total do artigo 61</b>		<b>570.600,00</b>
<b>Artigo 62: Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos</b>		
627	Proxectos de vías municipais	20.000,00
<b>Total artigo 62</b>		<b>20.000,00</b>
<b>Artigo 63: Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativos dos servizos</b>		
639	Outros investimentos de reposición: Colectores do lixo	5.000,00
	Outros investimentos de reposición: Libros	2.000,00
<b>Total do artigo 63</b>		<b>7.000,00</b>
<b>TOTAL DO CAPÍTULO 6</b>		<b>622.600,00</b>

Contéplase asemade, seguindo na liña de apostar pola construción de vivenda nova e a rehabilitación na zona rural, a concesión dunha axuda equivalente ao 50% do ICIO a aqueles promotores de vivendas de nova construción e tamén de rehabilitación, que non teñan servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. Incrementábase a partida ata 5.000,00 €, ao quedar en suspenso a imposibilidade de outorgar licencias urbanísticas por obra maior dende finais deste ano.

Ábrese un capítulo novo de gasto como consecuencia da obriga legal de empezar a facer fronte aos préstamos recibidos dende a Deputación Provincial nas diferentes fases do PAI, contemplándose nesta primeira anualidade das 10 que se estiman, 26.000 €.

Finalmente, e como esta memoria introduce un documento económico, pero tamén político, o Pleno pode tomar conta das prioridades da acción de goberno para este 2018 visualizando as previsións de gastos en cada unha das áreas de gasto, políticas de gasto, grupos de programas e programas específicos que se ten previsto executar neste exercicio. Deste xeito, os créditos ordénanse segundo a súa finalidade e os obxectivos que con eles se pretenda conseguir, e así, dentro da consignación das áreas de gasto temos:

- **A.G. 1: Servizos públicos básicos:** 602.380,00 € (21,4% do orzamento)
- **A.G. 2: Actividades de promoción social:** 568.300,00 € (20,2% do total)
- **A.G. 3: Producción de bens públicos de carácter preferente:** 308.720,00 € (11%)
- **A.G. 4: Actuacións de carácter económico:** 715.100,00 € (25,5%)
- **A.G. 9: Actuacións de carácter xeral:** 615.500,00 € (21,9%)

Teño que seguir destacando un ano máis a aposta por servizos públicos e de calidade como o de atención á dependencia e SAF, de importante valoración por parte dos usuarios/as, no que se consignan recursos adicionais a anos anteriores para posíbeis incrementos de contratos laborais e o consecuente maior número de horas de atención, unha vez salvados os trámites legais correspondentes.

## 6. PROPOSTA DE ACORDO

Con base ás consideracións expostas, propono someter á avaliación dos representantes da veciñanza o Orzamento xeral do Concello de San Sadurniño para o exercicio económico de 2018, do que forman parte os Orzamentos do Concello ( tanto clasificación económica coma por programas), as Bases de execución, o Anexo de investimentos, o Anexo de persoal, o

Informe económico-financieiro, e a presente memoria, que asina o Alcalde.

San Sadurniño, 25 de novembro de 2017.

O Alcalde

Secundino García Casal

ORZAMENTO MUNICIPAL 2018  
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS: CLASIFICACIÓN ECONÓMICA				
Económico		Descripción	Totais	Detalle
<b>1</b>		<b>IMPOSTOS DIRECTOS</b>	<b>690.000,00</b>	
<b>11</b>		<b>Impostos directos sobre o capital</b>	<b>570.000,00</b>	
112		Imposto sobre bens inmoables. IBI rústica		42.000,00
113		Imposto sobre bens inmoables. IBI urbana		320.000,00
114		Imposto sobre bens inmoables. BICES		60.000,00
115		Imposto vehículos tracción mecánica		148.000,00
<b>13</b>		<b>Impostos sobre as actividades económicas</b>	<b>120.000,00</b>	
130		Imposto sobre actividades económicas (IAE)	120.000,00	
<b>2</b>		<b>IMPOSTOS INDIRECTOS</b>	<b>20.000,00</b>	
<b>29</b>		<b>Outros impostos indirectos</b>	<b>20.000,00</b>	
290		Imposto sobre construcións, instalacións e obras	20.000,00	
<b>3</b>		<b>TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>	<b>311.000,00</b>	
<b>30</b>		<b>Taxas pola prestación de servizos públicos básicos</b>	<b>118.500,00</b>	
300		Servizo de abastecemento de auga	26.000,00	
301		Servizo de rede de sumidoiros	6.500,00	
302		Servizo de recollida de lixo e voluminosos	85.000,00	
309		Outras taxas por prestación de servizos básicos	1.000,00	
<b>31</b>		<b>Taxas por prestación de servizos sociais e pref.</b>	<b>74.500,00</b>	
311		Servizos asistenciais (SAF)	48.000,00	
313		Servizos deportivos	26.000,00	
319		Outras taxas: matrimonios civís	500,00	
<b>32</b>		<b>Taxas pola realización de actividades de competencia local</b>	<b>8.000,00</b>	
321		Taxas por licenzas urbanísticas	4.000,00	
323		Taxas por outros servizos urbanísticos	2.000,00	
325		Taxas por expedición documentos	1.000,00	

## ORZAMENTO MUNICIPAL 2018 CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

329		Outras taxas pola realización de actividades de comp. local (autotaxis, apertura de establecementos)	1.000,00	
<b>33</b>		<b>Taxas pola utilización privativa do dominio público local</b>	<b>99.000,00</b>	
331		Taxas por pasaxes permanentes	500,00	
332		Taxas a empresas explotadoras de servizos de subministros (eléctricas)	80.000,00	
338		Compensación de Telefónica de España S.A.	7.000,00	
339		Outras taxas por utilización privativa do dominio público	11.500,00	
<b>34</b>		<b>Prezos públicos</b>	<b>5.000,00</b>	
342		Servizos educativos	4.000,00	
349		Outros prezos públicos	1.000,00	
<b>39</b>		<b>Outros ingresos</b>	<b>6.000,00</b>	
391		Multas	1.000,00	
	391.90	Outras multas e sancións		1.000,00
392		Recargos de prema	4.000,00	
399		Outros ingresos diversos	1.000,00	
<b>4</b>		<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>1.279.000,00</b>	
<b>42</b>		<b>Da Administración Xeral do Estado</b>	<b>525.000,00</b>	
420		Da Administración Xeral do Estado	525.000,00	
	420.10	Da Administración Xeral do Estado		525.000,00
<b>45</b>		<b>De Comunidades Autónomas</b>	<b>432.000,00</b>	
450		Da Xunta de Galiza	432.000,00	
	450.00	Participación en tributos da Xunta (F.C.L.)		202.000,00
	450.80	Outras transferencias da Xunta de Galiza		230.000,00
<b>46</b>		<b>De entidades locais</b>	<b>320.000,00</b>	
461		Da Deputación provincial	310.000,00	
462		De concellos	10.000,00	
<b>47</b>		<b>De empresas privadas</b>	<b>1.000,00</b>	
<b>49</b>		<b>Do exterior</b>	<b>1.000,00</b>	
<b>5</b>		<b>INGRESOS PATRIMONIAIS</b>	<b>1.000,00</b>	
<b>52</b>		<b>Xuros de depósitos</b>	<b>1.000,00</b>	
<b>6</b>		<b>ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS</b>	<b>1.000,00</b>	

**ORZAMENTO MUNICIPAL 2018**  
**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA**

<b>60</b>		<b>De terreos</b>	<b>1.000,00</b>	
603		Patrimonio público do chan	1.000,00	
<b>7</b>		<b>TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>508.000,00</b>	
<b>72</b>		<b>Do Estado</b>	<b>1.000,00</b>	
<b>75</b>		<b>De Comunidades Autónomas</b>	<b>66.000,00</b>	
750		Da Xunta de Galiza	66.000,00	
	750.60	Outras transf. da Xunta:		
		-Fondo de Compensación Ambiental		38.000,00
		-Outras		28.000,00
<b>76</b>		<b>De entidades locais</b>	<b>441.000,00</b>	
761		De Deputacións	441.000,00	
	761.00	Transferencias da Deputación: POS 2018		220.000,00
	761.01	Transferencias da Deputación: POS Adicional 2017		135.000,00
	761.04	Transferencias da Deputación: Outras transferencias		86.000,00

<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>2.810.000,00</b>
--------------------------	---------------------



ORZAMENTO MUNICIPAL 2018  
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

GASTOS: CLASIFICACIÓN ECONÓMICA				
Económico		Descripción	Totais	Detalle
<b>1</b>		<b>GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>1.150.900,00</b>	
<b>10</b>		<b>Gastos de goberno</b>	<b>38.000,00</b>	
100	100.00	Retribucións básicas e outras dos cargos de goberno	38.000,00	
<b>12</b>		<b>Persoal funcionario</b>	<b>282.200,00</b>	
120		Retribucións básicas	104.400,00	
	120.00	Soldos Grupo A1		15.700,00
	120.01	Soldos Grupo A2		39.000,00
	120.03	Soldos Grupo C1		33.600,00
	120.06	Trienios		16.100,00
121		Retribucións complementarias	177.800,00	
	121.00	Complemento de destino		58.800,00
	121.01	Complemento específico		119.000,00
<b>13</b>		<b>Persoal laboral</b>	<b>519.700,00</b>	
130	130.00	Laboral fixo	94.000,00	
131	131.00	Laboral temporal	425.700,00	
<b>15</b>		<b>Incentivos ao rendemento</b>	<b>20.000,00</b>	
150		Produtividade	10.000,00	
151		Gratificacións	10.000,00	
<b>16</b>		<b>Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do Concello</b>	<b>291.000,00</b>	
160		Cotas sociais	256.000,00	
	160.00	Seguridade Social		256.000,00
162		Gastos sociais do persoal	35.000,00	
	162.02	Transporte do persoal		26.000,00
	162.04	Acción Social		6.000,00
	162.05	Seguros		3.000,00
<b>2</b>		<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>905.500,00</b>	
<b>20</b>		<b>Arrendamentos e canons</b>	<b>2.500,00</b>	
200		Arrendamentos de terreos e bens naturais	2.500,00	
<b>21</b>		<b>Reparacións, mantemento e conservación</b>	<b>140.000,00</b>	

## ORZAMENTO MUNICIPAL 2018 CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

210		Mantemento infraestrutura e bens naturais (redes abastec. e vías)	10.000,00	
212		Edificios e outras construcións	40.000,00	
213		Maquinaria, instalacións e ferramentas	74.000,00	
215		Mobiliario	1.000,00	
216		Equipos para o proceso da información	15.000,00	
<b>22</b>		<b>Material, subministros e outros</b>	<b>674.000,00</b>	
220		Material de oficina	5.000,00	
	220.00	Ordinario non inventariábel		3.000,00
	220.01	Prensa, revistas, libros e outras publicacións		1.000,00
	220.02	Material informático non inventariable		1.000,00
221		Subministros	228.000,00	
	221.00	Enerxía eléctrica		200.000,00
	221.02	Gas		4.000,00
	221.03	Combustibles e carburantes		18.000,00
	221.04	Vestuario		4.000,00
	221.99	Outros suministros		2.000,00
222		Comunicacións	13.000,00	
	222.00	Servizos de telecomunicacións		9.000,00
	222.01	Correos e telégrafos		4.000,00
224		Primas de seguros	15.000,00	
225		Tributos	8.000,00	
	225.01	Tributos da Xunta de Galiza		8.000,00
226		Gastos diversos	113.000,00	
	226.01	Atencións protocolarias e representativas		2.000,00
	226.02	Publicidade		6.000,00
	226.03	Publicación en Diarios Oficiais		1.000,00
	226.04	Xurídicos		4.000,00
	226.09	Actividades culturais e deportivas (100.000,00 €):		
		Escolas deportivas		10.000,00
		Actividades culturais		52.000,00
		Actividades deportivas		8.000,00
		Actividades de benestar e igualdade		30.000,00
227		Traballos realizados por outras empresas	292.000,00	
	227.00	Limpeza e aseo: Limpeza de edificios e espazos públicos		50.000,00
	227.06	Estudos e traballos técnicos		55.000,00

## ORZAMENTO MUNICIPAL 2018 CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

	227.08	Servizos de recadación		37.000,00
	227.99	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais		150.000,00
<b>23</b>		<b>Indemnizacións por razón do servizo</b>	<b>33.000,00</b>	
230	230.00	Gastos de custos	28.000,00	
231	231.00	Locomoción	2.000,00	
233		Outras indemnizacións	3.000,00	
<b>24</b>		<b>Gastos de publicacións</b>	<b>6.000,00</b>	
240		Gastos de edición e distribución (Boletín "Novas" e outros)	6.000,00	
<b>25</b>		<b>Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas (Gastos Centro de Día)</b>	<b>50.000,00</b>	
<b>4</b>		<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>100.000,00</b>	
<b>46</b>		<b>A entidades locais</b>	<b>3.000,00</b>	
466		A outras entidades que agrupen concellos	3.000,00	
<b>48</b>		<b>A familias e institucións sen fins de lucro</b>	<b>97.000,00</b>	
		Atencións benéficas e asistenciais	7.800,00	
		Premios, bolsas e pensións de estudo e investimento	25.000,00	
		Outras transferencias :	64.200,00	
		Entidades culturais e veciñais		20.000,00
		Entidades deportivas		6.000,00
		Convenio co C.F. San Sadurniño		9.000,00
		Convenio coa ANPA		4.000,00
		Convenio co Club Aldebarán		18.000,00
		Convenio con Biela&Chaveta		1.000,00
		Convenio coa AGFA		3.500,00
		Convenio AGA		1.500,00
		Convenio Asociación Agroecolóxica A Cortiña		1.200,00
<b>6</b>		<b>INVESTIMENTOS REAIS</b>	<b>622.600,00</b>	
<b>60</b>		<b>Investimento novo en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral</b>	<b>25.000,00</b>	
600		Investimentos en terreos	5.000,00	
609		Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados a uso xeral	20.000,00	
<b>61</b>		<b>Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral</b>	<b>570.600,00</b>	
619		Outros investimentos de reposición	570.600,00	

**ORZAMENTO MUNICIPAL 2018**  
**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA**

<b>62</b>	<b>Investimento novo asociado no funcionamento operativo dos servizos</b>	<b>20.000,00</b>	
627	Proxectos de investimentos	20.000,00	
<b>63</b>	<b>Investimento de reposición asociado ao func. operativo serv.</b>	<b>7.000,00</b>	
639	Outros investimentos de reposición asociado ao func. operativo dos serv.: colectores lixo e libros	7.000,00	
<b>7</b>	<b>TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>5.000,00</b>	
<b>78</b>	<b>A familias e entidades sen ánimo de lucro</b>	<b>5.000,00</b>	
	Transferencias para axuda á autoconstrución		5.000,00
<b>9</b>	<b>PASIVOS FINANCEIROS</b>	<b>26.000,00</b>	
<b>91</b>	<b>Amortización de préstamos e operacións en €</b>	<b>26.000,00</b>	
911	Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público		26.000,00

<b>TOTAL DE GASTOS</b>	<b>2.810.000,00</b>
------------------------	---------------------

**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS 2018**

CLASIFICACIÓN			DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓN S	CRÉDITOS INICIAIS				
Prog.	Econ.	Org.		Aplicación s	Programas	Grupos progr.	Políticas	Área de Gasto
150	13100		Admon Xeral Urbanismo: Salario arquitecta	30.000,00				
150	16000		Admon. Xeral Urbanismo: Seg. Social Arquitecta	10.000,00				
150	22706		Admon. Xeral Urbanismo: PXOM	25.000,00				
150			ADMON XERAL URBANISMO		65.000,00			
150			ADMON XERAL URBANISMO			65.000,00		
<b>15</b>			<b>VIVENDA E URBANISMO</b>				<b>65.000,00</b>	
160	21300		Saneamento: Maquinaria	5.000,00				
160	22100		Saneamento: Enerxía eléctrica	10.000,00				
160			SANEAMENTO		15.000,00			
160			SANEAMENTO			15.000,00		
161	21300		abast. Auga: Maquinaria, inst. técnicas e utillaxe	12.000,00				
161	22799		Abast. Auga: Outros Traballo s	10.000,00				
161			ABASTECIMIENTO AUGA		22.000,00			
161			ABASTECIMIENTO AUGA.			22.000,00		
162	13000		Recollida, xestión e tratamento lixo. Salarios persoal	50.700,00				
162	16000		Recollida, xestión e tratamento lixo. Seg. Social	20.000,00				
162	21300		Recollida, xestión e tratamento lixo. Maquinaria	5.000,00				
162	22103		Recollida, xestión e tratamento lixo. Carburantes	8.000,00				
162	22400		Recollida, xestión e tratamento lixo. Seguros	3.000,00				
162	22799		Recollida, xestión e tratamento lixo. Outros traballos	70.000,00				
162	63900		Recollida, xestión e tratamento lixo. Colectores lixo	5.000,00				
162			RECOLLIDA, XESTIÓN E TRATAMENTO LIXO		161.700,00			
162			RECOLLIDA, XESTIÓN E TRATAMENTO LIXO			161.700,00		
163	13000		Limpeza viaria. Salarios Persoal Laboral fixo	22.880,00				
163	13100		Limpeza viaria. Salarios Persoal Laboral Temporal	19.600,00				
163	16000		Limpeza viaria. Seguridade Social	16.000,00				
163	21300		Limpeza viaria. Maquinaria	5.000,00				
163	22103		Limpeza viaria. Carburantes	10.000,00				
163	22104		Limpeza viaria. Vestiario	2.000,00				
163	22400		Limpeza viaria. Seguros	3.000,00				
163	22799		Limpeza viaria. Outros traballos	10.000,00				
163			LIMPEZA VIARIA		88.480,00			
163			LIMPEZA VIARIA			88.480,00		
165	21300		Alumeado Público. Mantemento Eléctrico	42.000,00				
165	22100		Alumeado Público. Facturación eléctrica	175.000,00				
165	22706		Alumeado Público. Asesoramento enerxético	5.000,00				
165			ALUMEADO PÚBLICO		222.000,00			
165			ALUMEADO PÚBLICO			222.000,00		
<b>16</b>			<b>BENESTAR COMUNITARIO</b>				<b>509.180,00</b>	

171	22700	Parques e xardíns. Mantemento zonas verdes	22.000,00				
171	48000	Parques e xardíns. Convenios AGFA, AGA e Asociación Med. A Cortiña	6.200,00				
171		PARQUES E XARDÍNS		28.200,00			
171		PARQUES E XARDÍNS			28.200,00		
<b>17</b>		<b>MEDIO AMBIENTE</b>					<b>28.200,00</b>
<b>1</b>		<b>SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>					<b>602.380,00</b>
221	16202	Outras prest. Econ. a favor do empregado. Transporte	26.000,00				
221	16204	Outras prest. Econ. a favor do empregado. Acción social	6.000,00				
221	16205	Outras prest. Econ. A favor do empregado. Seguros	3.000,00				
221		OUTRAS PREST. ECON. A FAVOR DO EMPREGADO		35.000,00			
221		OUTRAS PREST. ECON. A FAVOR DO EMPREGADO			35.000,00		
<b>22</b>		<b>OUTRAS PREST. ECON. A FAVOR DO EMPREGADO</b>					<b>35.000,00</b>
231	12001	Asistencia social primaria. Salarios Funcionarios A2	13.000,00				
231	12006	Asistencia social primaria. Trienios Funcionarios A2	3.500,00				
231	12100	Asistencia social primaria. Compl. Destino Func. A2	9.900,00				
231	12101	Asistencia social primaria. Compl. Específico Func. A2	17.500,00				
231	13100	Asistencia social primaria. Salarios pers. Laboral temporal	261.600,00				
231	16000	Asistencia social primaria. Seguridade Social Persoal	95.000,00				
231	22104	Asistencia social primaria. Vestiario	2.000,00				
231	25000	Asistencia social primaria. Traballos realizados polo Consorcio Galego SS	50.000,00				
231	22609	Asistencia social primaria. Activ. Sociais	30.000,00				
231	22799	Asistencia social primaria. Servizos de apoio a Dependencia	15.000,00				
231	48000	Asistencia social primaria. Atencións benéficas e asistenciais	7.800,00				
231		ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA		505.300,00			
231		ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA			505.300,00		
<b>23</b>		<b>SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL</b>					<b>505.300,00</b>
241	13100	Fomento do emprego. Salarios Pers. Lab. Temporal	21.000,00				
241	16000	Fomento do emprego. Seguridade social	7.000,00				
241		FOMENTO DO EMPREGO		28.000,00			
241		FOMENTO DO EMPREGO			28.000,00		
<b>24</b>		<b>FOMENTO DO EMPREGO</b>					<b>28.000,00</b>
<b>2</b>		<b>ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN SOCIAL</b>					<b>568.300,00</b>
323	13000	Educación Infantil e primaria. Salarios Persoal Laboral Fixo	20.420,00				
323	16000	Educación Infantil e primaria. Seguridade Social	7.000,00				
323	21200	Educación Infantil e primaria. Mantemento centros escolares	20.000,00				
323	22799	Educación Infantil e primaria. Outros traballos	5.000,00				
323	48000	Educación Infantil e primaria. Axudas educación ( Becas e Conv. ANPA)	29.000,00				
323		FUNCIONAMENTO DE CENTROS ESCOLARES		81.420,00			
323		FUNCIONAMENTO DE CENTROS ESCOLARES			81.420,00		
<b>32</b>		<b>EDUCACIÓN</b>					<b>81.420,00</b>
330	13100	Administración Xeral Cultura. Salarios Persoal laboral temporal	24.500,00				

330	16000	Administración Xeral Cultura. Seguridade Social	8.000,00			
330		ADMINISTRACIÓN XERAL CULTURA		32.500,00		
330		ADMINISTRACIÓN XERAL CULTURA			32.500,00	
3321	12001	Bibliotecas públicas. Salario Base	13.000,00			
3321	12006	Bibliotecas públicas. Trienios	2.000,00			
3321	12100	Bibliotecas públicas. Complemento de Destino	7.300,00			
3321	12101	Bibliotecas públicas. Complemento específico	3.500,00			
3321	16000	Bibliotecas Públicas. Seguridade Social	6.500,00			
3321	63900	Bibliotecas Públicas. Libros	2.000,00			
332		BIBLIOTECAS PÚBLICAS		34.300,00		
332		BIBLIOTECAS PUBLICAS			34.300,00	
333	21200	Equipamentos culturais. Mantemento	4.000,00			
333		EQUIPAMENTOS CULTURAIS		4.000,00		
333		EQUIPAMENTOS CULTURAIS			4.000,00	
334	22602	Promoción cultural. Publicidade	6.000,00			
334	22609	Promoción cultural. Actividades e escolas culturais	42.000,00			
334	48000	Promoción cultural. Transferencias correntes	17.000,00			
334		PROMOCIÓN CULTURAL		65.000,00		
334		PROMOCIÓN CULTURAL			65.000,00	
338	48000	Festas Populares. Axudas festas parroquiais.	3.000,00			
338		FESTAS POPULARES		3.000,00		
338		FESTAS POPULARES			3.000,00	
<b>33</b>		<b>CULTURA</b>				<b>138.800,00</b>
340	13100	Administración xeral deportes. Salarios persoal laboral temporal	21.000,00			
340	16000	Administración xeral deportes. Seguridade Social	7.500,00			
340		ADMINISTRACIÓN XERAL DEPORTES		28.500,00		
340		ADMINISTRACIÓN XERAL DEPORTES			28.500,00	
341	22609	Promoción e fomento do deporte. Actividades	18.000,00			
341	48000	Promoción e fomento do deporte: Transferencias	34.000,00			
341		PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE		52.000,00		
341		PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE			52.000,00	
342	21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	8.000,00			
342		INSTALACIÓNS DEPORTIVAS		8.000,00		
342		INSTALACIÓNS DEPORTIVAS			8.000,00	
<b>34</b>		<b>DEPORTE</b>				<b>88.500,00</b>
<b>3</b>		<b>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE</b>				<b>308.720,00</b>
414	13100	Desenvolvemento rural. Salarios Persoal laboral temporal	28.000,00			
414	16000	Desenvolvemento rural. Seguridade social	9.500,00			
414	78000	Desenvolvemento rural. Subv. Autoconstrución de vivendas	5.000,00			
414		DESENVOLVEMENTO RURAL		42.500,00		
414		DESENVOLVEMENTO RURAL			42.500,00	
<b>41</b>		<b>AGRICULTURA, GANDEIRÍA E PESCA</b>				<b>42.500,00</b>
4311	22609	Feiras. Organización de eventos	10.000,00			
431		COMERCIO		10.000,00		

431			COMERCIO			10.000,00		
<b>43</b>			<b>COMERCIO, TURISMO E PEMES</b>					<b>10.000,00</b>
453	21000		Vías municipais. Mantemento de infraestruturas	10.000,00				
453	61900		Vías municipais. POS, Programa de mellora viaria e outros	478.600,00				
453	62700		Vías municipais. Proxectos	20.000,00				
453			VÍAS MUNICIPAIS		508.600,00			
453			VÍAS MUNICIPAIS			508.600,00		
454	61900		Camiños veciñais.	45.000,00				
454			CAMIÑOS VECIÑAIS		45.000,00			
454			CAMIÑOS VECIÑAIS			45.000,00		
459	20000		Outras infraestruturas: Aluguer nave	2.500,00				
459	60000		Outras infraestruturas. Investimentos terreos e infraestruturas	5.000,00				
459	60900		Outras infraestruturas: Outros investimentos novos en infraestruturas	20.000,00				
459	61900		Outras infraestruturas: Fondo Ambiental	37.000,00				
459			OUTRAS INFRAESTRUTURAS		64.500,00			
459			OUTRAS INFRAESTRUTURAS			64.500,00		
<b>45</b>			<b>INFRAESTRUTURAS</b>					<b>618.100,00</b>
491	13100		Sociedade da información. Salarios Persoal laboral Temporal	20.000,00				
491	16000		Sociedade da información. Seguridade social	6.500,00				
491	22799		Sociedade da información. Comunicación	18.000,00				
491			SOCIEDADE DA INFORMACIÓN		44.500,00			
491			SOCIEDADE DA INFORMACIÓN			44.500,00		
<b>49</b>			<b>OUTRAS ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>					<b>44.500,00</b>
<b>4</b>			<b>ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>					<b>715.100,00</b>
912	10000		Órganos de goberno. Retribucións goberno municipal	38.000,00				
912	16000		Órganos de goberno. Seguridade social	8.000,00				
912	23000		Órganos de goberno. Asignacións por asistencias a órganos municipais	28.000,00				
912	23100		Órganos de goberno. Locomoción	1.000,00				
912	23300		Órganos de goberno. Outras indemnizacións	1.000,00				
912			ÓRGANOS DE GOBERNO		76.000,00			
912			ÓRGANOS DE GOBERNO			76.000,00		
<b>91</b>			<b>ÓRGANOS DE GOBERNO</b>					<b>76.000,00</b>
920	12000		Administración xeral. Salarios base funcionarios Grupo A1	15.700,00				
920	12001		Administración xeral. Salarios base funcionarios Grupo A2	13.000,00				
920	12003		Administración xeral. Salarios base funcionarios Grupo C1	33.600,00				
920	12006		Administración xeral. Trienios funcionarios	10.600,00				
920	12100		Administración xeral. Complemento de destino	41.600,00				
920	12101		Administración xeral. Complemento específico	98.000,00				
920	15000		Administración xeral. Produtividade	10.000,00				
920	15100		Administración xeral. Gratificacións	10.000,00				
920	16000		Administración xeral. Seguridade Social	55.000,00				
920	21200		Administración xeral. Mantemento edificios	8.000,00				
920	21300		Administración xeral. Maquinaria	5.000,00				



920	21500	Administración xeral. Mobiliario	1.000,00			
920	21600	Administración xeral. Equipos procesos informáticos	15.000,00			
920	22000	Administración xeral. Material oficina	5.000,00			
920	22100	Administración xeral. Enerxía Eléctrica	15.000,00			
920	22102	Administración xeral. Gas	4.000,00			
920	22200	Administración xeral. Telecomunicacións	9.000,00			
920	22201	Administración xeral. Correos	4.000,00			
920	22400	Administración xeral. Seguros	9.000,00			
920	22601	Administración xeral. Atencións protocolarias	2.000,00			
920	22603	Administración xeral. Publicación en Diarios Oficiais	1.000,00			
920	22604	Administración xeral. Xurídicos	4.000,00			
920	22700	Administración xeral. Limpeza e aseo	28.000,00			
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	25.000,00			
920	22799	Administración xeral. Prevención de riscos e outros.	12.000,00			
920	23100	Administración xeral. Locomoción	1.000,00			
920	23300	Administración xeral. Outras indemnizacións	2.000,00			
920		ADMINISTRACIÓN XERAL		437.500,00		
920		ADMINISTRACIÓN XERAL			437.500,00	
923	24000	Información básica. Edición NOVAS	6.000,00			
923		INFORMACIÓN BÁSICA		6.000,00		
923		INFORMACIÓN BÁSICA			6.000,00	
929	22199	Imprevistos e funcións non clasificadas: Outros subministros	2.000,00			
929	22799	Imprevistos e funcións non clasificadas: outros traballos doutras emp.	10.000,00			
929	61900	Imprevistos e funcións non clasificadas: Outros investimentos	10.000,00			
929		IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS		22.000,00		
929		IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS			22.000,00	
<b>92</b>		<b>SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL</b>				<b>465.500,00</b>
931	22500	Política económica e fiscal. Tributos	8.000,00			
931		POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL		8.000,00		
931		POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL			8.000,00	
932	22708	Xestión do sistema tributario. Recadación.	37.000,00			
932		XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO		37.000,00		
932		XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO			37.000,00	
934	91100	Xestión da débeda e da tesourería: Devolución préstamos Deputación	26.000,00			
934		XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA		26.000,00		
934		XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA			26.000,00	
<b>93</b>		<b>ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA</b>				<b>71.000,00</b>
943	46600	Transferencias a outras entidades locais	3.000,00			
943		TRANSFERENCIAS A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS		3.000,00		
943		TRANSFERENCIA S A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS			3.000,00	
<b>94</b>		<b>TRANSF. A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS</b>				<b>3.000,00</b>
<b>9</b>		<b>ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL</b>				<b>615.500,00</b>

**TOTAL ORZAMENTO POR PROGRAMAS**

**2.810.000,00**

### RESUMO DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO 2018

INGRESOS	2018	%	GASTOS	2018	%
<b>1. Impostos directos</b>	690.000,00 €	24,56%	<b>1. Gastos de persoal</b>	1.150.900,00 €	40,96%
<b>2. Impostos indirectos</b>	20.000,00 €	0,71%	<b>2. Gastos correntes</b>	905.500,00 €	32,22%
<b>3. Taxas, prezos públicos e outros impostos</b>	311.000,00 €	11,07%		0,00 €	0,00%
<b>4. Transferencias correntes</b>	1.279.000,00 €	45,52%	<b>4. Transferencias correntes</b>	100.000,00 €	3,56%
<b>5. Ingresos patrimoniais</b>	1.000,00 €	0,04%		0,00 €	0,00%
<b>6. Alleamento investimentos reais</b>	1.000,00 €	0,04%	<b>6. Investimentos reais</b>	622.600,00 €	22,16%
<b>7. Transferencias de capital</b>	508.000,00 €	18,08%	<b>7. Transferencias de capital</b>	5.000,00 €	0,18%
<b>9. Pasivos Financeiros</b>	0,00 €	0,00%	<b>9. Pasivos financeiros</b>	26.000,00 €	0,93%
<b>TOTAL</b>	<b>2.810.000,00 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>TOTAL</b>	<b>2.810.000,00 €</b>	<b>100,00%</b>

## CADRO COMPARATIVO DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO 2017-2018

INGRESOS	2017	2018	DIF.	GASTOS	2017	2018	DIF.
<b>1. Impostos directos</b>	680.000,00 €	690.000,00 €	1,47%	<b>1. Gastos de persoal</b>	1.130.275,00 €	1.150.900,00 €	1,82%
<b>2. Impostos indirectos</b>	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00%	<b>2. Gastos correntes</b>	835.500,00 €	905.500,00 €	8,38%
<b>3. Taxas, prezos públicos e outros impostos</b>	294.000,00 €	311.000,00 €	5,78%	<b>3. Gastos financeiros</b>			
<b>4. Transferencias correntes</b>	1.345.000,00 €	1.279.000,00 €	-4,91%	<b>4. Transferencias correntes</b>	99.200,00 €	100.000,00 €	0,81%
<b>5. Ingresos patrimoniais</b>	5.000,00 €	1.000,00 €	-80,00%				
<b>6. Alleamento investimentos reais</b>	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00%	<b>6. Investimentos reais</b>	628.025,00 €	622.600,00 €	-0,86%
<b>7. Transferencias de capital</b>	338.700,00 €	508.000,00 €	49,99%	<b>7. Transferencias de capital</b>	2.000,00 €	5.000,00 €	150,00%
<b>9. Pasivos financeiros</b>	51.300,00 €	0,00 €	100,00%	<b>9. Pasivos financeiros</b>	0,00 €	26.000,00 €	
<b>TOTAL</b>	<b>2.735.000,00 €</b>	<b>2.810.000,00 €</b>	<b>2,74%</b>	<b>TOTAL</b>	<b>2.695.000,00 €</b>	<b>2.810.000,00 €</b>	<b>4,27%</b>



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

<b>ANEXO DE INVESTIMENTOS 2018</b>		
<b>Artigo 60: Investimentos reais</b>		
600	Investimentos en terreos e infraestruturas	5.000,00
609	Outros investimentos	20.000,00
<b>Total do artigo 60</b>		<b>25.000,00</b>
<b>Artigo 61</b>		
619	Mellora Marqués de Figueroa (1ª Fase) - Pos Adicional 2017	66.700,00
	Senda Peonil en Igrexafeita - Pos Adicional 2017	45.000,00
	Pavimentación de camiños na Fraga e Silvalonga - Pos Adicional 2017	48.300,00
	Proxectos coas baixas do POS 2017	82.000,00
	Proxectos do POS 2018	240.000,00
	Fondo Ambiental	37.000,00
	Outros investimentos	51.600,00
<b>Total do artigo 61</b>		<b>570.600,00</b>
<b>Artigo 62</b>		
627	Proxectos de vías municipais	20.000,00
<b>Total artigo 62</b>		<b>20.000,00</b>
<b>Artigo 63</b>		
639	Outros investimentos de reposición: Colectores do lixo	5.000,00
	Outros investimentos de reposición: Libros	2.000,00
<b>Total do artigo 63</b>		<b>7.000,00</b>
<b>TOTAL DO CAPÍTULO 6</b>		<b>622.600,00</b>

**Anexo de persoal: RELACIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL 2018**

**PERSOAL FUNCIONARIO**

Denominación do posto	Observ.	Nº	Grupo	C.D.	Prov.	Situación
Secretario-Interventor		1	A1/A2	30	C	Propiedade
Técnico de xestión		1	A2	26	CO	Propiedade
Traballadora Social		1	A2	26	CO	Propiedade
Arquitecta	3/5 xorn.	1	A1	-	C. Int.	Propiedade
Bibliotecaria		1	A2	22	C	Propiedade
Administrativa		1	C1	14	CO	Interina
Administrativa		1	C1	22	CO p.i.	Propiedade
Administrativa		1	C1	14	CO	Interina

**PERSOAL LABORAL FIXO**

Código	Denominación do posto	Nº prazas	Tipo de contrato	Horas/semana
	Conserxe centros escolares	1	Fixo	Xornada completa
	Operario servizos múltiples	1	Fixo	Xornada completa
	Operario maquinaria municipal	1	Fixo	Xornada completa
	Oficial maquinaria municipal	1	Fixo	Xornada completa

**PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

<b>Código</b>	<b>Denominación do posto</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Tipo de contrato</b>	<b>Horas/semana</b>
	Auxiliar de axuda no fogar	18	Obra ou servizo	Xornadas variables
	Axudante de operario servizos múltiples	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Animador sociocultural	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Técnico-animador deportivo	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Educadora familiar	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Axente de igualdade	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Auxiliar administrativa	1	Obra ou servizo	Xornada completa
	Axente TIC da Aula da Rede CEMIT	1	Obra ou servizo	Xornada 3/4
	Operarios Programa PEL Deputación	3	6 MESES	Xornadas variables

**BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO  
CONCELLO DE SAN SADURNIÑO CORRESPONDENTE  
AO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018**

**TÍTULO I.- NORMAS XERAIS**

**BASE 1ª. - Normas legais e regulamentarias**

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento municipal, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma levaranse a cabo con sometemento á normativa aplicable, integrada fundamentalmente polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLFL) e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, (en adiante RD 500/1990), polo que a desenvolve parcialmente esa Lei, e ás presentes bases, redactadas de conformidade co establecido nos artigos 165-1 do TRLFL e 9-1 do RD 500/1990.

**BASE 2ª. - Ámbito de aplicación**

As presentes bases soamente rexerán durante a vixencia do Orzamento municipal para ou exercicio de 2018 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

**BASE 3ª. - Interpretación**

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases serán resoltas pola Alcaldía, logo do informe da Secretaría-Intervención.

**TÍTULO II. O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2018 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**

**CAPÍTULO 1º. - ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.**

**BASE 4ª.- Estructura orzamentaria.**

A estrutura do Orzamento para 2018, tanto no seu estado de ingresos como de gastos, adáptase aos criterios de clasificación por programas e económica establecidos pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro (BOE núm. 297, de 10 de decembro), modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que ten unha importante incidencia na codificación

das aplicacións orzamentarias utilizadas neste Concello.

Haberá que adaptarse ao explicado polo artigo 167, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu parágrafo 4, que di:

*"4.- A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente. No caso de que a entidade local opte por utilizar a clasificación orgánica, esta integrará así mesmo a aplicación orzamentaria. O control contable dos gastos realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida e o fiscal sobre o nivel de vinculación determinado conforme dispón o art. 172 desta lei".*

En consecuencia os créditos incluídos no estado de gastos do presuposto municipal preséntanse do seguinte xeito:

- Clasificación por programas, por grupo de programas.
- Clasificación económica a nivel de concepto.

Como consecuencia do proceso de informatización contable, e unicamente a eses efectos, a execución do orzamento realizarase na clasificación económica a nivel de subconcepto (5 díxitos), para que sexa factible a súa relación coas contas do plan contable.

As previsións incluídas no estado de ingresos do orzamento clasifícanse por capítulos, artigos e conceptos de acordo coa orde ministerial citada.

## **CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO**

### **BASE 5ª. - Ámbito do Orzamento municipal**

O presuposto municipal para o exercicio 2018, comprende exclusivamente o da corporación municipal deste Concello.

### **BASE 6ª. - Nivelación nos estados de gastos e ingresos**

Para a execución do estado de gastos do orzamento municipal apróbanse créditos por importe de 2.810.000,00 €.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario de 2018, sendo o seu importe de 2.810.000,00 €.



### **BASE 7ª.- Financiamento dos créditos do orzamento municipal**

Os créditos, que ascenden a 2.810.000,00 € finánciense de acordo coas seguintes fontes:

- a) Cos dereitos económicos a liquidar durante o exercicio que se reflicten no estado de ingresos correspondente e que se estiman na cantidade de 1.022.000,00 € correspondentes aos capítulos I, II, III e V
- b) Polas transferencias correntes que se especifican no estado de ingresos e que ascenden á cantidade de 1.279.000,00 € correspondentes ao capítulo IV.
- c) Polas transferencias de capital que se especifican no estado de ingresos do presuposto municipal e que ascende á cantidade de 508.000,00 € correspondentes ao capítulo VII.
- d) Co resultado da previsión de alleamento de bens municipais, tal como se indica no estado de ingresos, MIL EUROS (1.000,00 €).

### **BASE 8ª. - Prórroga do Orzamento municipal**

Se ao iniciarse o exercicio económico de 2019 non entrase en vigor o orzamento municipal para ese exercicio considerárase automaticamente prorrogado o do exercicio 2018, ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban finalizar no exercicio anterior ou estean financiados con operacións de crédito ou ingresos afectados.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola lei.

## **CAPÍTULO 3º.- RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**

### **BASE 9ª.- Normas xerais**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orzamento ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes, que serían nulos de pleno dereito, de conformidade co previsto nos artigos 172-2 do TRLFL e 25.2 do RD 500/1990.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá realizarse tendo en conta o nivel de vinculación xurídica, que se regula na Base 10ª.

### **BASE 10ª.- Nivel de vinculación xurídica dos créditos**

En aplicación do establecido no artigo 172-2 do TRLFL en relación cos artigos 25-3, 27, 28 e 29 do RD 500/1990, establécese que os créditos para gastos quedan vinculados xuridicamente entre si aos seguintes niveis:

- Respecto á clasificación por programas, a nivel de grupo de programas.
- Respecto á clasificación económica, a nivel de concepto.

### **BASE 11ª. - Créditos extraordinarios e suplementos de créditos**

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento municipal para 2018 ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do TRLFL e artigos 35 e 38 do Decreto 500/1990.

Cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento da Corporación, ordenarase polo Alcalde-Presidente a tramitación dos seguintes expedientes:

- a) De concesión de Crédito Extraordinario
- b) De Suplemento de Crédito

Estes expedientes poderanse financiar:

- Con cargo ao remanente líquido de Tesourería
- Con novos ingresos non previstos
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento
- Mediante baixas dos créditos de aplicacións orzamentarias de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducíbeis sen perturbación do servizo

O expediente incoarase a instancias da Alcaldía e a proposta acompañarase cunha Memoria xustificativa da necesidade de efectuar os gastos, da imposibilidade de demorar a execución a posteriores exercicios e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel no que este establecida a vinculación xurídica. A aprobación do devandito expediente corresponderá ao Pleno da Corporación previo informe da Secretaría-Intervención.

### **BASE 12ª. - Créditos ampliables**

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, agás os procedentes de operacións de créditos ou saldos de tesourería, todo iso de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Decreto 500/1990. Para o exercicio económico de 2018 serán os seguintes:

<b>Créditos ampliables (art. Pto. gastos)</b>	<b>Recursos afectados (art. Pto. ingresos)</b>
60 (investimento novo en infraestruturas)	75 (subvencións da Comunidade Autónoma)
60 (investimento novo en infraestruturas)	76 (subvencións da Deputación Provincial)
61 (investimentos de reposición)	45 (subvencións da Comunidade Autónoma)
60 (investimento novo en infraestruturas)	60 (alleamento de terreos)

A ampliación de créditos corresponderá a Xunta de Goberno Local, previo informe da Secretaría-Intervención.

### **BASE 13ª. - Transferencias e xeración de créditos**

Para a súa articulación estarase ao disposto nos artigos 40 e seguintes do RD 500/1990.

A aprobación dos mencionados expedientes corresponderá ao Pleno da Corporación previo informe da Secretaría-Intervención, cando se trate de transferencias entre áreas de gasto distintas e non afecten a créditos de persoal. No resto dos casos, a competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local, logo de informe da Secretaría-Intervención.

### **BASE 14ª. - Incorporación de remanentes de crédito do exercicio anterior**

Para a súa articulación estarase ao disposto nos artigos 182 do TRLFL así como 98 e seguintes do RD 500/1990. A aprobación dos mencionados expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local, logo de informe da Secretaría-Intervención.

### **BASE 15ª. - Imputación de gastos a artigos non dotados inicialmente**

Nos casos en que, existindo dotación orzamentaria para un ou varios artigos dentro do nivel de vinculación establecido, preténdase imputar gastos a outros conceptos ou subconceptos do mesmo nivel de vinculación, as contas da cal non figuren abertas na contabilidade de gastos por non contar con dotación orzamentaria, non será precisa operación de

transferencia de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (A, AD ou ADO), haberá de facerse constar tal circunstancia mediante dilixencia en lugar visible que indique: "primeira operación imputada ao concepto". En todo caso, haberá de respectarse a estrutura orzamentaria vixente, aprobada por Orde ministerial do 3 de decembro de 2008.

#### **BASE 16ª. - Baixas por anulación**

Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ao saldo do crédito sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo. Corresponderá ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no orzamento municipal.

### **TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL**

#### **CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

##### **BASE 17ª.- Acumulación de fases na xestión do estado de gastos**

De conformidade co establecido no artigo 184 do TRLFL e os artigos 67 e 68 do RD 500/1990 poden presentarse as seguintes fases:

- Retención do crédito (RC)
- Autorización-disposición (AD)
- Autorización-disposición-recoñecemento da obriga (ADO)

O acto administrativo que acumule dous ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados.

##### **BASE 18ª.- Autorización e disposición de gastos**

Con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento municipal corresponderá a autorización e disposición destes aos seguintes órganos:

- Alcalde-Presidente: nos termos establecidos nos artigos 185 do TRLFL e 55 e seguintes do RD 500/1990. Esta competencia exercerase ordinariamente pola Xunta de Goberno Local
- A Xunta de Goberno Local: todos aqueles que non sexan competencia por precepto legal do Pleno da Corporación, por delegación da Alcaldía e con carácter ordinario, así como os que, sendo de competencia do Pleno, estean comprendidos na

delegación de competencias efectuada polo Pleno en favor da Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado en sesión do 26 de xuño de 2015.

- Pleno da Corporación: gastos de carácter plurianual, contratos de obras, servizos ou subministracións con duración superior a un ano, recoñecementos extraxudiciais de créditos, gastos relativos a plans provinciais, operacións de crédito e todos cantos lle correspondan obrigatoriamente en aplicación da lexislación vixente, coas correccións derivadas das delegacións de competencias legalmente acordadas polo propio Pleno da Corporación.

#### **BASE 19ª.- Recoñecemento e liquidación de obrigas**

O recoñecemento das obrigas unha vez adoptado o compromiso de gastos, corresponderá ao Alcalde-Presidente ou á Xunta de Goberno Local.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno da Corporación. Ora ben, cando no expediente tramitado ao efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible, nas aplicacións orzamentarias de aplicación, dentro do seu nivel de vinculación, para facer fronte ás obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, delegarase na Alcaldía o acto material da aprobación do mesmo, de conformidade co establecido no art. 6o en relación co 26.2.c do RD 500/1990, de 20 de abril. O expediente oportuno será obxecto do informe previo de Intervención.

#### **BASE 20ª.- Ordenamento de pagamentos**

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ao Alcalde-Presidente ou á Xunta de Goberno Local. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos se estivese establecido, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en últimos exercicios.

O pagamento material xustificarse pola Tesouraría mediante o recibín do preceptor ou ben mediante orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola respectiva entidade financeira.

#### **BASE 21ª.- Ordes de pagamento a xustificar**

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga a que a mesma se refira. Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

#### **BASE 22ª.- Anticipos de caixa fixa**

Os fondos liberados a xustificar con carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polo establecido no TRLFL e no RD 500/1990.

#### **BASE 23ª.- Gastos de carácter plurianual**

No orzamento municipal do exercicio de 2018 non se contempla ningún gasto deste carácter.

### **CAPÍTULO 2º.-NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS**

#### **BASE 24ª. - Ingresos de recadación**

Rexeranse polo establecido no artigo 198 do TRLFL.

#### **BASE 25ª.- Operacións de tesouraría**

De acordo co disposto nos artigos 51 e 197 do TRLFL, logo de informe da Intervención municipal o Alcalde-Presidente ou a Xunta de Goberno Local poderán concertar operacións de tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez.

### **CAPÍTULO 3º.- FUNCIÓN FISCALIZADORA**

#### **BASE 26ª.- Exercicio da función fiscalizadora**

A función fiscalizadora será exercida polo Secretario-Interventor en cumprimento do disposto no artigo 92.3 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, artigos 213 e seguintes do TRLFL, Real Decreto Legislativo 1091/1988 que aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, Real Decreto 1173/1987, do 18 de setembro, que regula o réxime xurídico de funcionarios con habilitación de carácter xeral e demais disposicións concordantes.

#### **BASE 27ª. - Liquidación do orzamento**

A liquidación do orzamento do exercicio 2018 porá de manifesto o indicado no artigo 93 do RD 500/1990. Corresponderá ao Alcalde-Presidente previo informe do Secretario-Interventor, a aprobación da liquidación do orzamento municipal.

Considerarase remanente de tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais o superávit da liquidación do orzamento do exercicio 2017, determinado conforme ás normas e criterios

de difícil ou imposible recadación. Para tal efecto terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación os de antigüidade superior a un ano. A porcentaxe a aplicar para determinar a difícil ou imposible recadación de dereitos recoñecidos será a seguinte:

- Dereitos recoñecidos do último exercicio, igual ao 0,5%
- Dereitos recoñecidos de exercicios anteriores, igual ao 30%

## **CAPÍTULO 4º.- NORMAS REGULADORAS DAS TRANSFERENCIAS**

### **BASE 28ª. – Transferencias correntes: subvencións municipais**

Os criterios de distribución da cantidade consignada no artigo 48, área de gasto 4, do estado de gastos do presente presuposto, da que unha parte importante destinarase a subvencionar economicamente ás asociacións culturais e deportivas de carácter local, serán os de representatividade das asociacións, grao de interese ou utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma, as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas as actividades que realicen durante o exercicio, e cantos outros criterios obxectivos considérense aplicables polo Concello, segundo o establecido nunhas normas para a concesión de subvencións que serán presentadas polo grupo de goberno local para o seu debate plenario no primeiro trimestre de 2018.

Igualmente, e nese mesmo prazo, presentarase a normativa para a concesión de axudas ó estudo ou bolsas escolares, tamén comprendidas no referido artigo 48.

A autorización de gastos para a concesión de subvencións con cargo á expresada partida orzamentaria, e con sometemento aos anteditos criterios, realizarase pola Xunta de Goberno Local, por proposta da Alcaldía.

Os documentos contables relativos á autorización e disposición do gasto de competencia do Alcalde-Presidente, Xunta de Goberno Local ou Pleno entenderanse acreditados mediante a indicación da resolución o acto aprobatorio destes.

### **BASE 29ª.– Transferencias de capital para axudas á autoconstrución**

Concederanse axudas ou subvencións, ás persoas promotoras de vivendas unifamiliares que se constrúan ou rehabiliten integralmente nos lugares do termo municipal nos que o Concello non preste, no momento de concederse a preceptiva licenza urbanística, os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e/ou da rede de sumidoiros. Redactaranse unhas bases para regulamentar os conceptos obxecto destas axudas.

O importe da axuda será do cincuenta por cen (50%) da cota aboada ao Concello en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras por cada un dos dous servizos

mencionados que non se preste polo Concello, co límite da consignación reflectida no artigo 78, área de gasto 1, do estado de gastos do presente orzamento.

## **TÍTULO IV.- GASTOS DE PERSOAL**

### **CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS**

#### **BASE 30ª.- Incremento nas retribucións do persoal ao servizo deste Concello**

Non se recolle ningún incremento retributivo pola non aprobación da LOXE 2018. Se a aprobación definitiva desta Lei acordase incrementos retributivos desta orde, levarase a cabo o instrumento orzamentario preciso para trasladar ao ordenamento municipal os ditos incrementos.

#### **BASE 31ª.- Nóminas**

O pagamento de toda clase de retribucións ao persoal funcionario e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina persoal que se pechará o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

O seu pagamento efectuarase con carácter xeral mediante transferencia bancaria na conta de abono facilitada ao Concello por todo o persoal municipal.

### **CAPÍTULO 2ª.- NORMAS SOBRE PERSOAL CONTRATADO**

#### **BASE 32ª. - Persoal laboral contratado**

As retribucións a percibir polo persoal laboral do Concello no exercicio orzamentario de 2018 estarán de acordo cos convenios colectivos que lles afectasen ou cos contratos en vigor para cada unha das prazas ou categorías profesionais.

### **CAPÍTULO 3º.- RETRIBUCIÓN, AXUDAS DE CUSTO E INDEMNIZACIÓNS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E PERSOAL AO SEU SERVIZO**

#### **BASE 33ª. - Membros da corporación**

As axudas de custo asignadas ao persoal ao servizo deste Concello rexeranse polo preceptuado no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e resolucións de actualización que correspondan.



Os membros da corporación sen dedicación exclusiva percibirán por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do que formen parte, agás a Xunta de Goberno Local, a cantidade de SESENTA EUROS (60,00 €), considerándose como unha soa as asistencias na mesma xornada, salvo que unha das sesións se celebre pola mañá e outra pola tarde.

Os membros da corporación sen dedicación exclusiva percibirán por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local, a cantidade de DOUSCENTOS EUROS (200,00 €), considerándose como unha soa as asistencias na mesma xornada a calquera órgano colexiado, salvo que unha das sesións se celebre pola mañá e outra pola tarde.

Os grupos políticos municipais terán unha asignación mensual fixa de TRINTA EUROS (30,00 €) e unha variable de SEIS CON NOVENTA E SETE (6,97 €) por concelleiro ou concelleira integrante de cada un dos grupos.

Mantense a contía das indemnizacións por razón do cargo segundo se indicaba nos orzamentos dos últimos exercicios económicos. As axudas de custo por traslado fóra da localidade do presidente e membros da corporación quedan fixadas na seguinte contía:

- Axuda de custo enteira: 90,00 €
- Axuda de custo media: 60,00 €

Os gastos de locomoción dos membros da corporación rexeranse polo disposto no RD 462/2002, do 24 de maio, e posteriores actualizacións. Aboaranse ademais, logo de xustificación, os gastos correspondentes a peaxes e estacionamento, cando sexan necesarios.

De conformidade co artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establécese a dedicación parcial para os cargos de Alcalde-Presidente (1.500,00 €), Concelleira de Educación, Cultura e Deporte e Concelleira de Igualdade (600,00€ en ambos os casos), para os cales se establece consignación orzamentaria no presente documento municipal e na contía que corresponde, en función do acordado expresamente en tal sentido polo Pleno da Corporación.

San Sadurniño, 25 de novembro de 2017

O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE 2018

Secundino García Casal, Alcalde do Concello de San Sadurniño, segundo o disposto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 18.1.e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao expediente de aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2018, emito o seguinte

### INFORME

#### PRIMEIRO. Avaliación dos ingresos

##### A) INGRESOS POR IMPOSTOS E TAXAS (CAPÍTULOS I, II E III)

Os ingresos previstos nos Capítulos I e II, Impostos directos e indirectos do Estado, dentro dos ingresos do orzamento de 2017, calculáronse tomando como referencia os padróns correspondentes ao exercicio 2016, e sen levar a cabo cambios significativos:

Imposto	Pto. municipal 2017	Pto. municipal 2018	% de incremento
IBI	412.000,00	422.000,00	2,43%
IVTM	148.000,00	148.000,00	0,00%
IAE	120.000,00	120.000,00	0,00%
ICIO	20.000,00	20.000,00	0,00%

Os ingresos previstos no Capítulo III, Taxas e outros ingresos do Estado dentro dos ingresos do orzamento de 2018, calcúlanse, na súa maior parte, tomando como referencia os dereitos recoñecidos na liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2016 e nos padróns de 2017, e foron actualizados en funcións das últimas modificacións das ordenanzas fiscais (bonificacións do 50% en case todas as taxas) e tendo en conta a conxelación de taxas prevista para 2018 e unha previsión xenérica moi conservadora nas estimacións.

Taxas e outros ingresos	Pto. municipal 2017	Pto. municipal 2018	% de incremento
Documentos	2.000,00	1.000,00	-100%

Taxas e outros ingresos	Pto. municipal 2017	Pto. municipal 2018	% de incremento
Outras taxas: taxis e est.	2.000,00	1.000,00	-100%
Lixo e voluminosos	87.000,00	85.000,00	-2,3%
Sumidoiros	6.500,00	6.500,00	0%
Abastecemento de auga	26.000,00	26.000,00	0%
Serv. Axuda no fogar	46.000,00	48.000,00	4,3%
Servizos deportivos	26.000,00	26.000,00	0%
Pasaxes permanentes	300,00	500,00	66%
Matrimonios	500,00	500,00	0%
Aprov. Especiais	70.000,00	80.000,00	14,2%
Ing. Telefónica	7.200,00	7.000,00	-2,8%
Prezos públicos	5.000,00	5.000,00	0%

#### B) INGRESOS POR TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO IV)

As previsións iniciais contidas no Capítulo IV de transferencias correntes, calculáronse partindo das cantidades entregadas a conta mensualmente no ano 2017. Mantéñense as previsións de transferencias por parte da Xunta por non constar informacións relevantes que indiquen modificacións sustanciais nas súas políticas de axuda.

#### C) INGRESOS POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL (CAPÍTULO VII)

Os ingresos previstos no Capítulo VII, transferencias de capital, dentro dos ingresos do orzamento de 2018, calculáronse sobre a base das subvencións previstas e/ou concedidas polas Entidades Públicas da Xunta de Galiza e a Deputación da Coruña.

Consígnase un total de 508.000,00 € no total do capítulo.

#### D) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CRÉDITO (CAPÍTULO IX)

Non se prevén no Orzamento do 2018 ingresos procedentes de operacións de crédito.

### SEGUNDO. Avaliación de gastos

#### A) GASTOS DE PERSOAL (CAPÍTULO I)

Existe unha correlación entre os créditos do Capítulo I de gastos de persoal, incluídos no orzamento e o Anexo de persoal desta entidade local para este exercicio económico.

Non se prevén aumentos salariais por lei, alén dos vinculados á antigüidade.

**B) GASTOS EN BENS CORRENTES, SERVIZOS E TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO II E IV)**

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes poden considerarse suficientes para atender as obrigacións esixibles á Corporación, e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes actualmente neste Concello, segundo indica o Sr. Alcalde-Presidente na Memoria explicativa deste documento orzamentario.

O montante global do gasto en bens, servizos e transferencias correntes, consignando no Orzamento de 2018, por un importe conxunto nos capítulos II e IV de 1.005.500,00 €.

**C) GASTOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL (CAPÍTULO VI)**

Consignouse no Capítulo VI de investimentos reais do Estado dentro dos Gastos do Orzamento municipal, un importe de 622.600,00 euros, financiados con recursos afectados procedentes de subvencións ou préstamos doutras entidades públicas, así como con recursos ordinarios exclusivamente.

A dispoñibilidade dos créditos orzamentarios para gastos con financiamento afectado do Capítulo VI "Investimentos reais", débese condicionar á existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de contribucións, no caso das subvencións tidas en conta como previsións iniciais no Capítulo VII do Orzamento de ingresos.

**TERCEIRO. Nivelación orzamentaria**

Tendo en conta o devandito e, unha vez expostas as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións previsibles, dedúcese a efectiva nivelación do orzamento conforme ao establecido no parágrafo último do apartado 4 do artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e preséntase o orzamento sen déficit inicial.

San Sadurniño, 25 de novembro de 2017

O Alcalde,

Secundino García Casal